

Don EMILIO IVAN VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, na súa calidade de Concelleiro do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte

**PROPOSTA DE MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL
REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMUEBLES PARA
CONTRIBUIR A REDUCCION DE DESPOBOAMENTO NO RURAL.**

ANTECEDENTES

Todos somos conscientes da perda poboacional no noso concello. Nos últimos 23 anos Monforte sufriu unha perda de poboación do 7,50%, moi superior ao 4,32% da media galega (INE).

O máis significativo desta perda, é que foi exclusivamente nas parroquias rurais. De 3.753 veciños no ano 2.000, as parroquias pasaron a 2.285 veciños en 2.023, é dicir 1.468 veciños menos. O descenso poboacional foi no rural de case un 40%, fronte ao casco urbano que mantivo a súa poboación sen variacións nese mesmo período, soamente 10 persoas menos.

A perda de poboación no rural trae consigo moitos problemas. En grandes liñas podemos referirnos ao avellentamento poboacional; á perda de servizos básicos; á desertización rural entendendo como tal o abandono de cultivos; ós incendios e consecuentemente á degradación medioambiental.

No rural os servizos non son os mesmos que na cidade: carécese de saneamento na meirande parte das parroquias; a recollida de basura non é diaria; a limpeza e mantemento da rede viaria non é tan frecuente como na cidade.

O rural non é alleo a que cada vez os prezos dos servizos básicos son máis elevados: luz, gas, telefonía,... mesmo o recibo da auga e da basura sobe. Isto constitúe un agravante, cando a maioría de habitantes das nosas parroquias son maiores. xeralmente xente con rendas baixas por ser xubilados do sector agrario.

Intentar revertir o abandono do rural é competencia de tódalas administracións. Tanto dende a AXE como dende a Xunta establecense medidas e programas para mitigar o despoboamento rural. Dende a Administración Local, e concretamente dende esta corporación, non deberíamos ser menos.

Considerando que o R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais establece:

“Artículo 74. Bonificaciones potestativas.

Las ordenanzas fiscales podrán regular una bonificación de hasta el 90 por ciento de la cuota íntegra del Impuesto a favor de los bienes inmuebles urbanos ubicados en áreas o zonas del municipio que, conforme a la legislación y planeamiento urbanísticos, correspondan a asentamientos de población singularizados por su vinculación o preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, ganadero, forestal, pesquero o análogas y que dispongan de un nivel de servicios



de competencia municipal, infraestructuras o equipamientos colectivos inferior al existente en las áreas o zonas consolidadas del municipio, siempre que sus características económicas aconsejen una especial protección.

Las características peculiares y ámbito de los núcleos de población, áreas o zonas, así como las tipologías de las construcciones y usos del suelo necesarios para la aplicación de esta bonificación y su duración, cuantía anual y demás aspectos sustantivos y formales se especificarán en la ordenanza fiscal.”

Considéandoo que a nosa ordenanza municipal de conformidade co previsto no artigo 72 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece que o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable ao municipio de Monforte de Lemos queda fixado nos seguintes termos:

“• O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,605%

• O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,38%”

E considerando que non se fixa ningún tipo de bonificación no IBI para favorecer de algunha maneira a actividade e a conservación da poboación no rural.

Este grupo municipal propon establecer unha bonificación na cota do imposto de bens inmóbles de natureza urbana no rural para deste xeito actuar sobre dous obxectivos:

- Mellorar a situación económica das persoas que viven no rural, contribuindo a reducir a perda do seu poder adquisitivo.
- Frenar o descenso poboacional no rural, ó pode actuar esta bonificación como reclamo para que máis persoas teñan a súa residencia habitual no rural.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular, eleva ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Coa finalidade de contribuir á redución do despoboamento do rural, modificar a ordenanza fiscal establecendo unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto de bens inmuebles para aqueles inmobles de natureza urbana ubicados nas parroquias do concello de Monforte e sempre que o inmmoble constitúa a vivenda habitual do suxeito pasivo do mesmo. Entenderase por vivenda habitual a efectos desta bonificación, aquela que figure como domicilio do suxeito pasivo no Padrón de habitantes.